



Os concellos do **Barbanza**, **Noia-Muros**
e **Costa da Morte** deséxanlles...

*Feliz
Nadal
e un
Próspero
Aninovo*



Espectáculos en streaming e visitas moi especiais para os cativos en Ribeira

En total, serán seis citas, todas elas ás 19.00 horas, que comezaron este pasado domingo cun concerto de Borja Quiza e Fernando Briones titulado *A Emigración Galega*. Hoxe mesmo, a acción seguirá cunha función familiar, *Lixo*, da compañía O Baúl da Tía Tola, na que se fomenta a reciclaxe. Na fin de semana, o sábado emitirase a obra *Lambetadas*, de Talía Teatro, mentres que o mércores 30 rematará o ano coa ambientación musical de Mamá Cabra con *Estación de Nadal*.

Ribeira. Adaptada aos tempos nos que vivimos, o programa de Nadal do concello de Ribeira está marcado por unha serie de actividades, especialmente dirixidas ao público infantil e familiar, nas que se buscan evitar aglomeracións e os desprazamentos innecesarios. Por iso, os espectáculos habituais do Auditorio pasan a ser vía online, con emisión dos mesmos a través da canle de Youtube municipal.

Xa no ano 2021, representarase *Umm. Unha comedia musical*, unha proposta teatral de Avento, o día 2; e o *Concerto con Fusión*, de Piscore, o 3.

A maiores, tamén está previsto realizar, se a situación sanitaria o permite, distintas ruadas e animación musical



Decoración especial de Nadal en Ribeira, unha iluminación reforzada este ano. Foto: C.d.Ribeira

Representaranse seis espectáculos a través da canle de Youtube do Concello // Potenciose a decoración coa proposta de xardinería efémera



itinerante nas datas máis destacadas desta época a cargo dos grupos de música tradicional do municipio, así como doutras formacións musicais ribeirenses.

Por outra banda, a concellería de Cultura apostou por reforzar a decoración típica de Nadal, complementando a iluminación tradicional, con outras propostas de

xardinería efémera, creadas en colaboración co sector das floristas locais, non só en Ribeira, senón tamén polas parroquias.

Nesta mesma liña, en colaboración con empresas e deseñadores locais, instalaron elementos decorativos novos no que os veciños e veciñas poden sacarse fotos para o seu recordo, como é o caso do *photocall* da Praza do

Concello. Tamén destacan os "Puntos de Recollida de Soños", onde se colocaron caixas de correos para recoller as cartas ao Pai Noel e aos Reis Magos; así como un banco decorado cunha frase de Nadal e unha felicitación.

A maiores, o apalpador, os elfos e os paxes reais percorreren as rúas da cidade os días 24, 26, 27, 28, 29, 30 e 31 de decembro e 2, 3, 4, 5 e 6 de xaneiro, en distintos horarios, para recoller as cartas dos cativos e agasallar a todos eles con lambetadas e rifas de balde para un sorteo de tres vales de 120 euros cada un para o comercio local, en combinación coa lotaría do neno.

Por último, a mensaxe das Súas Maxestades para todas as nenas e nenos de Ribeira está colgada na Canle en YouTube do Concello, na web www.ribeira.gal e nas redes sociais. Esta mensaxe será o prelude da súa chegada, prevista para o 5 de xaneiro, dun xeito que está pendente de desvelar, pero sempre garantindo as medidas de seguridade e prevención fronte á covid-19.

DR. GONZALO LÓPEZ CASTRO

Clínica Dental

La Paz, 37 - 1º - Pobra do Caramiñal
T. 981 832 911 - glopezc@infomed.es
www.clinicalopezcastro.com

Dr. Gonzalo López Castro
Dr. J. Miguel Lojo Martínez
Dra. Eliane García Mato
Dr. Rubén Martínez de Pedro
Dra. Paula Río Rouco

Especialidades

- Implantología
- Periodoncia
- Cirugía Oral
- Endodoncia
- Prótesis
- Sistemas Cerec (Prótesis inmediata)
- Odontología Estética
- Láser Dental
- Ortodoncia Invisible
- Odontopediatría
- Ortopantomografía
- Rx Digital

Carpintería

Bermo

ebanistería

- Fabricación de mobles a medida
- Restauracións • Lacados
- Carpintería en xeral

Virxe do Monte, 15A • Pobra do Caramiñal
T. 981 830 384 • M. 676 233 914
www.bermoebanistas.com

Pintura y decoración

LIRES

- Aislamiento térmico de fachadas
- Pintura interior y exterior
- Molduras escayola
- Papel pintado
- Marmorán • Pladur

Lg. Rates nº 1 (San Cosme) OUTES (A Coruña)
T. 981 765 794 • M. 659 387 540 F. 981 765 794
decoracionelires@gmail.com
www.decoracionelires.wordpress.com

Almacenes VIDAL

VENTA DE PALLETS

C/ Cruz da Pedra - A. Atalaya, 18 POBRA DO CARAMIÑAL
T. 981 832 824 - M. 696 363 193

www.costaweb.es/vidal
almacenes.vidal@hotmail.com

DISTRIBUIDOR

Pirotecnia RICARDO RESÚA, S.L.

Les deseamos felices fiestas

Espectáculos en Fuegos Artificiales

Fábrica/Almacén/Oficinas
Lg. Monte Pedroso - Vilariño
CESPÓN - BOIRO - A CORUÑA
Tel./Fax, 981 84 83 05

CONSTRUCCIONES

Mariano Louro Lago, S.L.

C/ Veirada, 292 • Porto Cubelo
LIRA - CARNOTA (A Coruña)
T./F. 981 761 365 • M. 670 616 558
marianolouro@yahoo.es
www.construccionesmarianolouro.com



FRIGORÍFICOS PUEBLA, S.L.

CALIDAD Y PRECIO GARANTIZADO

La Bayuca, 1
Telf.: 981 83 01 58
981 83 01 87
Fax.: 981 83 10 27
Apartado, 30
PUEBLA DEL CARAMIÑAL
(La Coruña)

MERCA EN RIANXO, GAÑAMOS TOD@S

BO NADAL BO NADAL BO NAD

AL BO NADAL BO



Arranca en Rianxo a quinta edición do Festival Titiriberia

nicipio de Teo, o Titiriberia incluirá unha programación cuxo obxectivo principal será, un ano máis, achegarlle ao público a longa tradición do títere tradicional, xénero escénico cun gran arraigamento histórico na cultura galega. Neste ano tan insólito e complexo por mor da pandemia, o festival adaptárase ás circunstancias, cumprindo co máximo rigor con todas as medidas sanitarias en canto á protección individual e a limitacións de capacidade. Ademais, para garantir o máximo acceso posible do público, poderase seguir pola rede o conxunto da programación a través da canle de *YouTube* de *Morreu o Demo*.

Rianxo. O Festival Titiriberia, organizado pola Asociación Morreu o Demo coa colaboración do Concello de Rianxo e a Deputación da Coruña, celebrará a súa quinta edición en Rianxo entre os días 22 e 30 de decembro. En total, unha ducia de funcións conformarán o programa deste ano, no que tamén se inclúen mesas redondas, exposicións e obradoiros.

Nesta edición de 2020, a primeira que se celebrará en Rianxo tras catro anos no mu-

nicípio de Teo, o Titiriberia incluirá unha programación cuxo obxectivo principal será, un ano máis, achegarlle ao público a longa tradición do títere tradicional, xénero escénico cun gran arraigamento histórico na cultura galega. Neste ano tan insólito e complexo por mor da pandemia, o festival adaptárase ás circunstancias, cumprindo co máximo rigor con todas as medidas sanitarias en canto á protección individual e a limitacións de capacidade. Ademais, para garantir o máximo acceso posible do público, poderase seguir pola rede o conxunto da programación a través da canle de *YouTube* de *Morreu o Demo*.

Ao longo dos sete días presenciais que durará o festival, pasarán pola vila compañías como Viravolta Títeres, Diáspora Teatro, Seisdedos Marionetas, Fantoques Baj, Títeres Cascanueces, Xirapaus ou a Cova das Letras, o colectivo In-



Función de Titiriberia en Teo no peche do curso escolar 2019. Foto: ECG

A programación comeza hoxe con 'O horroroso crime de Xan Miñooca', de Viravolta Títeres, na Capela do Araño



dignati Asociación Galega de Commedia dell'Arte, artistas como Fran Rei, Borxa Insua, Iria Pinheiro, Lucho Penabade, Tero Rodríguez, Borxa Insua e Esther Carrodegas, ou grupos de música como Áureas. Todos estes nomes, referentes no ámbito escénico, tecerán coas súas actuacións o programa que, ademais, terá na descentralización unha das súas características, xa que os espectáculos se repar-

tirán por diferentes espazos: Auditorio de Rianxo, Casa de Cultura Cuartel Vello, Centro Social da Atalaia-Asados, Centro Cultural e Deportivo de Tagoña, Centro Sociocultural A Capela do Araño ou os soppontais da Praza Castelao.

A programación comezará hoxe da man da compañía Viravolta Títeres, con *O horroroso crime de Xan Miñooca* (ás 17.00 e ás 19.00) na Capela do Araño, un espectáculo de títeres de cachaporra con música

de piano en directo. Será o inicio dun programa que, entre os seus pratos fortes, conta con *As varietés do Barriga Verde*, un formato multidisciplinar que mestura os monicreques co cabaré, a música, a poesía ou o escapismo. Así, o último día, o 30 de decembro ás 20.00 horas, no Auditorio actuarán Esther Carrodegas, Tero Rodríguez, Lucho Penabade, Pajarito, María Dobronich, Borxa Insua e Lázaro Duyos.

Nesta edición, terá unha interesante presenza do xénero teatral comedia dell'Arte. Deste xeito, o actor, director e profesor na Escola Superior de Arte Dramática ofrecerá a conferencia *Commedia dell'Arte*: artesanía teatral, o sábado 26 ás 19.30 no Centro Sociocultural. El mesmo impartirá tamén un obradoiro de iniciación o 26 e 27 no mesmo recinto.

Outro das actividades que destacan da programación é a mesa redonda do 28, ás 20.00, no Auditorio baixo o título *A innovación da Cachaporra*. Este reunirá a Santi Prego, Inacio Vilariño e Alba Grande, centrándose na tradición e na innovación no histórico xénero da cachaporra.



Concello de
**Porto
do Son**

UN LUGAR
PARA ADMIRAR

*Un lugar
para visitar*

*Deséxalles
felices festas*

www.portodoson.gal



Daniel Sampedro Varela
CEIP Frións

NADAL CULTURAL

RIBEIRA 2020/2021

ESPECTÁCULOS CON EMISIÓN EN DIRECTO



Na canle de YouTube do Concello de Ribeira

MÚSICA

Concerto "A Emigración", de Borja Quiza e Fernando Briones
A beneficio de Cáritas Parroquial de Ribeira.
Domingo 20 de decembro, ás 19:00 h.
Colabora a Concellería de Turismo e Comercio de Ribeira.

TEATRO

"Lixo", da cía. O Baúl da Tía Tola
Martes 22 de decembro, ás 19:00 h.
Colabora a Rede de Dinamización Lingüística. Xunta de Galicia. Fondo de proxectos Culturais Xacobeo 21.

TEATRO

"Lambetadas", de Talía Teatro
Sábado 26 de decembro, ás 19:00 h.
Colabora a Deputación da Coruña.

ESPECTÁCULO MUSICAL

"Estación Nadal" de Mamá Cabra
Mércores 30 de decembro, ás 19:00 h.
Colabora a Servizo de Normalización Lingüística de Ribeira.

TEATRO MUSICAL

"Umm. Unha comedia musical", de Teatro Avento
Sábado 2 de xaneiro, ás 19:00 h.
Colabora a Deputación da Coruña.

TEATRO MUSICAL

"Concerto Con Fusión", da cía. Píscore
Domingo 3 de xaneiro, ás 19:00 h.
Colabora a Deputación da Coruña.

PUNTOS DE RECOLLIDA DE SOÑOS

SORTEO #Ribeiradesoños

Buzón para recoller as cartas ao Pai Noel e os Reis Magos. Faite unha foto e cólga nunha rede social da túa elección co hashtag #Ribeiradesoños e despois envía un correo co teu nome, apelidos, teléfono e link da publicación a culturaefestexos@ribeira.gal e entrarás no **SORTEO** dunha cena para catro persoas durante 2021 nun restaurante do municipio.

Busca o teu recuncho:

AGUIÑO
Rúa Castelao (zona praia do Rebaló)

ARTES
Exterior do Centro Recreativo

CARREIRA
Adro da Capela da Guía

CASTIÑEIRAS
Zona do Porto

CORRUBEDO
Zona do Porto

OLEIROS
Exterior do Centro Social

OLVEIRA
Adro da igrexa de Bretal

PALMEIRA
Zona do Porto

RIBEIRA
Praza de Uxío Novoneyra

RIBEIRA
Malecón (zona da Confraría)

RIBEIRA
Parque García Bayón

RIBEIRA
Entrada do Mercado Municipal

RECOLLIDA DE CARTAS, REPARTO DE RIFAS E ENTREGA DE LAMBETADAS MÁXICAS EN RIBEIRA

O Apalpador, elfos, paxes reais e outras personaxes visitarán Ribeira durante o Nadal, percorrendo as rúas e prazas para recoller as cartas dos cativos e agasallar a todos os que se atopen con lambetadas e rifas de balde para un **SORTEO DE TRES VALES DE 120 C PARA O COMERCIO LOCAL** en combinación coa Lotería do Neno de 2021 os días **24, 26, 27, 28, 29, 30, 31 de decembro e 2, 3, 4, 5 e 6 de xaneiro.**

MÁIS INFORMACIÓN EN:

www.ribeira.gal





Boiro promociona o comercio local cun 'Escape Room'

como medida excepcional pola situación na que está o municipio boirense actualmente, pero aínda así continúan coas outras propostas previstas para estas datas e que serven de promoción para o comercio local.

Neste senso, entre as actividades e propostas que engloban ao comercio e o consumo destaca un *Escape Room* polos establecementos do municipio.

Boiro. As concellaría de Cultura e Comercio do Concello de Boiro prepararon para este Nadal un programa cargado de actividades centradas na promoción cultural, sobre todo de agrupacións e artistas locais, e a promoción do comercio e a hostalería.

Debido a situación sanitaria actual, coas restricións que marcan as autoridades sanitarias, a programación cultural tivo que aprazarse,

A través dunha aplicación móbil, as persoas participantes terán que moverse polos locais da localidade buscando pistas nos escaparates e resolvendo preguntas de interese cultural e poder avanzar no xogo. Actualmente, xa hai mais de vinte comercios inscritos para participar na actividade e, todos aqueles que queiran participar poden facelo poñéndose en contacto co departamento de Cultura.



Un escaparate dun dos establecementos adheridos á campaña, coas imaxes para o 'Escape Room'. Foto: Concello de Boiro

Os participantes terán que ir buscando pistas e resolvendo preguntas // Tamén terá lugar un sorteo de premios



A Asociación Boirense de empresarios tamén organiza nestas datas unha campaña de promoción empresarial coa entrega de rascas con 3.200 premios directos como paraugas, cuncas, bolsa e moitas outras sorpresas. Ademais, como premio, ao mercar nos comercios asociados éntrase nun sor-

teio final do Suedazo ABE de 300 euros durante seis meses. A entidade impulsou tamén este nadal o Bono Regalo que se pode mercar co importe que se desexe para utilizar en preto de douscentos establecementos de Boiro.

O concelleiro de Comercio, Marcos Fajardo, quixo destacar a importancia que


as pequenas empresas e o comercio local teñen no desenvolvemento económico dun pobo. "Dende o Concello apostamos sempre pola promoción do comercio local e este Nadal, mais que nunca, quixemos crear sinerxias entre cultura e comercio e organizar actividades conxuntas para darlle apoio", afirma.

Nestas datas de festexar e estar en familia é importante que fagamos un esforzo por cumprir coas restricións sanitarias e minimizar os contaxios.

Atrás queda un ano moi difícil, pero do que seguro sairemos reforzados.

Os nosos mellores desexos para o ano que comeza.

Bo Nadal e próspero ano 2021



CONCELLO DE
BOIRO

Cada globo, un desexo positivo.

BO NADALI!

GRUPO JJCHICOLINO

www.jjchicolino.com • www.egalsa.com • www.rotogal.com • www.oziona.es



A Pobra engalánase para vivir un Nadal diferente e seguro

guridad covid, buscando o equilibrio entre a necesidade de dinamizar o comercio, o sector da hostelería e mobilizar o tema económica, sen provocar grandes aglomeracións ou situacións de risco. Estamos sempre navegando nese mar tempestuoso, porque é complicado. Que novidades hai?

A Pobra. O concello da Pobra adaptou o seu programa habitual de Nadal ás medidas da covid-19. Así, presentan novidades nunhas actividades que farán desfrutar aos pequenos da casa, como así pretende o seu alcalde Xosé Lois Piñeiro.

Como prepararon este ano a programación de Nadal?

Preparámola dunha maneira moi diferente, e con moito traballo, porque cada iniciativa ten que ir moi estudada dende o punto de vista da se-

O primeiro que fixemos foi deseñar unha campaña para o comercio local, "Raña e Gaña", que conta coa colaboración do comercio, da hostelería e grandes empresas e está a funcionar moi ben. Pode ter un efecto positivo porque fai que a xente recorra ao comercio local. As compras de Nadal sempre poden dar algunha aglomeración, pero hai que respectar ao máximo as normas, e nós estamos bastante satisfeitos de como están a actuar as firmas locais.

Ademais, para darlle vida ao pobo, tamén sacamos o concurso de fachadas, con



Decoración de Nadal da casa consistorial na Pobra do Caramiñal. Foto: C.d.Pobra

"Organizar as actividades implica un estudo moito maior pola necesidade de atopar o equilibrio entre dinamizar o comercio e a hostelería, sen provocar grandes aglomeracións ou situacións de risco", indica o alcalde Xosé Lois Piñeiro



cinco premios, un por parroquia, e dando unha volta polo concello notase que a decoración de Nadal é máis intensa que outros anos.

E as actividades habituais? Outros anos había unha programación moi completa, e este ano houbo que cambiar radicalmente. Celebráranse poucos concertos, no Auditorio Elma, seguindo as medidas covid, que cremos que están a funcionar no sector da cultura e para iso quero agradecer a colaboración do persoal do Concello e mesmo Protección Civil. Alí tamén seguire-

mos co teatro para os pequenos, cos aforos reducidos.

Habrá visita dos Reis?

Non celebraremos a cabalgata en si mesma, pero si tere-mos a visita dos Reis Magos cunha recepción no concello e despois estamos organizando recepcións para os nenos e nenas, separados por primeira vez na historia. Cada familia terá que inscribir ao seu cativo nun rei en concreto. Agora mesmo estamos buscando os mellores espazos que eviten as aglomeracións, co obxectivo de que a ilusión dos nenos se manteña e que o pai- sen o mellor posible.

Mantéñen outras accións para os cativos?

Este ano non teremos a ludoteca de Nadal, porque non será posible, pero si que manteremos os campamentos de Nadal para aquelas persoas que o precisen, sempre con grupos moi reducidos.

Como está a situación do concello na actualidade?

Por fortuna, seguimos cun lixeiro descenso despois dun máximo de 18 casos, pero sabemos que en calquera momento poden aparecer casos. Non cremos que esteamos facendo algo diferente a outros concellos, pero si que nos esforzamos en cumprir os protocolos e tamén notamos a implicación da hostelería e dos comercios. A mensaxe para a poboación é que participe nas actividades, pero que o faga con coidado, evitando as aglomeracións.

Recalcann a concienciación?

Alentar a ter un pouco de paciencia, este ano non é o adecuado para as grandes celebracións. Hai uns límites, respectémolo con todo coidado e con sentido común. O risco está en calquera momento, polo que as medidas hai que respectalas e pensar que se toman por unha xeneralidade e hai que tentar cumprir a normativa.

NAUTICA - EFECTOS NAVALES

A Poutada

NÁUTICA Y EMBARCACIONES DEPORTIVAS / DEPORTES
PASEO DAS CAROLINAS 10 - RIBEIRA
TEL.: 981.83.56.62

TALLER EMBARCACIONES
PUERTO COMERCIAL S/N - PUEBLA
TEL.: 981.83.12.11

WWW.APOUTADA.COM

FABRIMONT METAL

MONTAJES

- CIERRES Y PORTALES EN HIERRO, INOX Y ALUMINIO
- PUERTAS SECCIONALES AUTOMÁTICAS
- ESTRUCTURAS METÁLICAS Y CUBIERTAS
- TRABAJOS DE SOLDADURA
- MANTENIMIENTO DE MAQUINARIA AGRÍCOLA E INDUSTRIAL

CARPINTERÍA METÁLICA EN GENERAL
Júan Carlos Cabanas Rodríguez

Dumbria (A Coruña)
T/F. 981 744 123 • M. 680 871 928
fabrimontmetal1@gmail.com

Nadal en Laxe 2020

Sábado 26 de decembro **Carreira solidaria escolar** a partir das 10.30 h
Espectáculo de títeres 19.00 h no salón de actos culturais de Laxe

Sábado 2 de xaneiro **Deporte en familia** a partir das 10.00 h no campo de fútbol
Música e teatro en directo 19.00 h no salón de actos culturais de Laxe

Sábado 9 de xaneiro **Espectáculo teatral** 19.00 h no salón de actos culturais de Laxe

Martes 5 de xaneiro Videoconferencias cos Reis Magos

Concello de Laxe

Protocolo anti Covid-19 | Aforo máximo 30 persoas

BO NADAL

TEATRO ELMA

Nadal Cultural Teatro ELMA

22 DECEMBRO
As 18.30 h - Baobab Teatro: "Puño punete"

23 DECEMBRO
As 18.30 h - Fanjtiches Baj: "Os golfinhos e o xigante"

28 DECEMBRO
As 18.30 h - Lydia Botana: "A feira das linguas"

29 DECEMBRO
As 18.30 h - Expresións Produccións "Os limpa, limpa"

23 ao 27 DE DECEMBRO
Feira do Nadal
PRAZA ALCALDE SEGUNDO DURÁN (PRAZA MAIOR)

27 DE DECEMBRO
Concertos solidarios
Banda Ateneo Musical da Pobra
TEATRO CINE ELMA

NA POBRA COMER E RAÑAR TODO É EMPEZAR

TECNOLOGIA	MODA	VIAXE FAMILIAR	VALES DE COMPRA
CEAS DO XANXO, A MOIRA DE BARRALLO, MOIRA E CHECOIRO	REGALACIÓN	CEAS DO XANXO, A MOIRA DE BARRALLO, MOIRA E CHECOIRO	REGALACIÓN
RUTAS EN QUAD	MODA DEPORTIVA	LOTES DE CONSERVAS	DE 600 ABASALLOS
CESTAS E LOTES DE PRODUTOS	ESTÉTICA	CESTAS E LOTES DE PRODUTOS	ESTÉTICA

Obradoiro de conciliación do nadal
Do 23 de decembro a 7 de xaneiro no colexio Salustiano Rey Erias
(Inscritos con data límite 21 de decembro)

Ademais, este ano non haberá cabalgata de Reis para o día 5 de xaneiro. Como alternativa, fórmase unha recepción individualizada de Melchor, Gaspar e Baltasar en tres distintos espazos. Acudirase con cita previa. Esta última actividade explicarase máis polo miúdo en datas próximas.

CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL

+ info
www.apobra.gal



Porto do Son aposta polo comercio local nun Nadal moi solidario

ciación de Empresarios de Portosín.

Deste modo, e co obxectivo de traer a felicidade aos veciños e veciñas nesta situación sanitaria e económica tan adversa, dinamizaron as principais rúas coa tradicional iluminación destas datas tan especiais, así como con ambientación e promoción musical, con panxoliñas, a través de diversos altosfalantes.

Porto do Son. O concello de Porto do Son fixo unha clara aposta neste Nadal 2020 polo comercio, a hostalería e os establecementos do municipio. A través das redes sociais e da páxina web da plataforma *SonOTeuComercio.gal* desenvolve unha campaña especial, coa que se pretende incentivar as compras nos locais da vila, cun incentivo para os clientes dun gran sorteo de 1.000 euros, en colaboración coa Aso-

Dentro desta ornamentación, tamén se instalaron unhas caixas de correos moi especiais, situadas nas Prazas de España e do Curro, pero tamén nos establecementos adheridos á campaña, para que os máis pequenos da casa poidan depositar as súas cartas para o Pai Noel e as Súas Maxestades de Oriente.

En relación cos cativos, levarase a cabo unha iniciativa solidaria, baixo o nome *Nadal Máxico, Nadal Solidario*,



Entre a ornamentación, instaláronse unhas caixas de correos máxicas para depositar as cartas a Papá Noel e aos Reis. Foto: C.d.P.d.S.

Haberá un sorteo con 1.000 euros de premio para os que merquen nos comercios da localidade // Celebraron esta pasada fin de semana a SinSon 10k



na que se recollerán xogos e xoguetes para destinalos ás familias máis necesitadas, co obxectivo de que ningún neno ou nena quede sen un pasatempo para esta época tan sinalada.

Outra das accións que se mantén dentro do programa é a exposición, tamén de carácter altruísta, que está na casa cultural sonense ata

mañá, cuxos fondos serán destinados a prol da Asociación LOA.

E por último, no apartado deportivo, tivo lugar esta pasada fin de semana a celebración da novena edición da carreira SinSon10K, que nesta ocasión levouse a cabo dunha maneira moi diferente, en versión virtual e solidaria a favor da Asociación Española Contra o Cancro de

Porto do Son. Os milleiros de inscritos tiveron que descargar unha aplicación para rexistrar as súas carreiras individuais nas diferentes modalidades de distancias, computándose os tempos de tódolos participantes na web da proba. Ademais dos fondos recadados polas inscricións, a organización realizará sorteos semanais entre todos os corredores.



O Nadal en Noia é perfecto

Noia, preto de ti!



Concello de Noia
www.noia.es

Obradoiro Nadal '20

CONCELLO DE NOIA




Convidámosche!!

#hoxeporminmañáporti

MUSEO DO MAR DE NOIA

Do 9 de decembro ata o 7 de xaneiro.

ACTIVIDADES CREATIVAS, CONTACONTOS, MAXIA,...

Non se precisa inscrición previa.

Aforo limitado max. 12 nen@s (admisión por orde de chegada).

HORARIO:

De luns á venres: 17:30 - 19:30h · Sábados e Domingos: 11:00 - 13:00h



Noia dinamiza o comercio local e o seu casco histórico

apostar polo importante comercio local, xa que historicamente foi un dos sectores máis característicos da vila.

Neste senso, instaláronse novos elementos decorativos de Nadal por todas as rúas da localidade co obxectivo de destacar a beleza do casco histórico noiés, e co gallo de acudir a el, incentivar a que os visitantes pasen polos establecementos que se atopan dentro del, así como no resto do municipio.

Noia. Co obxectivo de dinamizar o casco histórico da vila e os establecementos da localidade, Noia engalanouse dunha forma moi especial neste Nadal 2020 atípico. A través de distintas iniciativas, o goberno local busca animar e procurar a felicidade dos seus veciños e veciñas ante a situación sanitaria e económica actual, marcada polo avance da pandemia da covid-19 e, ao mesmo tempo, tamén quere

Entre esta decoración especial, sobresaie este ano, por exemplo, o belén instalado na igrexa de Santa María A Nova ou o curioso *photocall* de Papá Noel no Curro, no que se poden fotografar todos aqueles que o desexen.

Ademais, a este atractivo visual, engadíuselle unha ambientación musical típica destas datas, soando panxo-



Decoración de Nadal polas rúas do casco histórico de Noia. Foto: C.d.Noia

Potenciouse a decoración para atraer a visitantes aos comercios



liñas a través dos alt falantes instalados nas vías principais, así como cunha animación polas rúas con distintos grupos da zona.

E no que respecta aos comercios locais, baixo o

hashtag *#hoxeportimañá-pormin*, creouse un concurso de escaparates nos comercios para que luzan espectaculares nestas datas tan especiais.

A maiores, polas compras que se realicen nos estable-

cementos adheridos á campaña, haberá uns "rascas", con milleiros de premios para os clientes. E tamén, como incentivo polas compras no local, regalaranse consumicións nos establecementos de hostalería.

PIZZERIA VENECIA

Comida para llevar

ESPECIALIDAD
Bacalao a la portuguesa

MENÚ DEL DÍA
Tapas de pulpo y otras

C/ Romero Blanco • Tfno. 981 83 32 12 • 15200 Noia

Autos Patiño Noia

Volkswagen

P. Ind. Augalevada Parc. 10
Noia (A Coruña)
T. 981 824 865
F. 981 825 595
M. 629 212 851
M. 609 806 604

gerencia@autospatino.volkswagen.es

TALLER DE ROTULOS

AGEITOS

- ROTULACIÓN
- IMPRESIÓN
- LUMINOSOS
- COLOCACIÓN

Feliz Navidad

Piñeirino nº 5, La Rosa - NOIA • rotulosageitos@gmail.com • T. 981 821 565

Transportes EL JAIME

DELEGACIONES:

C/ Cuba, nº 5 • NOIA • T. 981 820 676 / 629 979 593
C/ Nueva, nº 7 • MILLADOIRO (A Coruña) • T. 629 979 593
Polígono Pocomaco (A Coruña) • T.627 547 690

Panadería Nova Pan Noia, r.l.

N.R.S.I. 20.29981/C

Panadería:
Lugar de Caldecáns, 15 • A Barquiña • T. 981 823 945

Despachos en NOIA:
C/ Escultor Ferreiro- T. 981 822 553
C/ Ramón Álvarez de la Braña
C/ República de Argentina

novapannoiasl.weebly.com
novapannoiasl@gmail.com

AGRONOIA S.L.P.

OFICINA DE PERITOS EN NOIA

LOS TRABAJOS QUE REALIZAMOS SON ASESORAMIENTO Y TRAMITACIÓN SOBRE:

- IMPUESTOS DE SUCESIONES Y HERENCIAS • VALORACIONES
- TOPOGRAFIA/MEDICIONES Y SEGREGACIONES
- CATASTRO (Altas de viviendas, modificaciones, cambios de dominio, regularización y declaraciones catastrales, etc.)
- LEGALIZACIÓN DE VIVIENDAS Y CONSTRUCCIONES • INFORMES TÉCNICOS
- CERTIFICADO EFICIENCIA ENERGÉTICA DE EDIFICIOS

LLEVAMOS MÁS DE 15 AÑOS PRESTANDO SERVICIO Y TENIENDO COMO PRINCIPAL OBJETIVO LA SATISFACCIÓN DEL CLIENTE

Rúa Perito Basilio, 10 • Noia (A Coruña) • agronoiasl@gmail.com T 981 82 57 50 - 609 54 21 30 - 609 12 49 61

Horario (Lunes a viernes): Mañanas 9.30 - 13.30 h - Tardes: 16.30 a 20.00 h

FÁBRICA DE MUEBLES DE COCINA Y BAÑO

SECCIÓN DE HOGAR Y DESCANSO

OLMEDO

Rúa Castelao, 49 - 51 - NOIA • T. 981 822 504
www.mueblesolmedo.com

Obradoiros, campamento e actividades variadas para os cativos noienses

eventos culturais, probas deportivas e unha nova edición do campamento urbano que arrinca mañá mesmo. Respecto deste último, ata o vindeiro 5 de xaneiro, os cativos, de tres a doce anos, poderán desfrutar das actividades preparadas dentro desta iniciativa, a cal se levará a cabo no ximnasio do Instituto Campo de San Alberto, de luns a venres en horario matinal das 10.00 ás 13.00 horas (agás o 25 de decembro e o 1 de xaneiro). En todas elas se respectarán os protocolos ao máximo, para garantir a saúde e seguridade dos nenos e nenas.

A maiores, os máis pequenos da casa tamén poderán desfrutar das actuacións programadas no auditorio do Liceo de Noia, para os próximos días 28 e 29 de decembro. Ambas están previstas para o mesmo horario, as 18.30 horas.

Noia. Dentro da programación de Nadal do concello de Noia, os pequenos da casa tamén serán os protagonistas. A pesar do contexto actual marcado pola pandemia da covid-19, preparáronse actividades, nas que se manteñen as medidas de seguridade e hixiene marcadas polas autoridades, para favorecer a vida familiar e laboral dos veciños.

Deste modo, entre outras accións, haberá obradoiros,



O Museo do Mar acollerá un obradoiro de Nadal ata o 7 de xaneiro, con moitas actividades para os nenos e nenas. Foto: C.d.N.

Os máis pequenos da casa volverán a ser os protagonistas destas datas tan especiais no concello



Primeiro, o 28, representarase a función de maxia *Alquimia*, do Mago Teto, dirixida aos menores cunha idade a partir dos seis anos; e ao día seguinte o espectáculo *O Mundo Máximo de Pinocho*, de EducaTeatro, dunha hora de duración e dirixido a nenos e nenas de tres a oito anos.

O prazo de reserva para as invitacións a ambas citas está xa aberto e termina o propio 28 (ás 12.00 horas no caso da primeira actuación). Cada persoa pode solicitar un máximo de catro pases, xa que o aforo é limitado, no correo electrónico programacionconcellodenoi@gmail.com, para o primeiro pase, e ao [\[cellodenoi@gmail.com\]\(mailto:cellodenoi@gmail.com\), para o segundo.

Por último, nesta ocasión non se realizará a tradicional cabalgata dos Reis Magos de Oriente, pero si que haberá unha recepción das Súas Maxestades no Claustro do concello noiés, así como unha visita por todas as parroquias do municipio, iso si, sen contacto físico.](mailto:culturacon-</p>
</div>
<div data-bbox=)



**DESEXÁMOSLLES
A TODAS
AS MARISCADORAS
E MARISCADORES**

Felices Festas



**CONFRARÍA DE PESCADORES
«SAN BARTOLOMÉ»**



**Berberecho
de
Noia**

PESCA ARTESANAL · RÍAS GALLEGAS

www.cofradianoia.org
www.berberechodenoia.com



A saída do Trail deste ano será moi diferente e estará protagonizada polas máscaras e a distancia de seguridade. Foto: C.d.L.

Lousame. Unha vez máis, o deporte protagonizará o Nadal de Lousame, xa que, a pesar das limitacións pola pandemia da covid-19, terá lugar a cuarta edición do Trail San Silvestre "Castelo de San Mamede". Esta cita, xa tradicional destas datas, conta cun gran interese social, de aí que xa completase o aforo, de 400 prazas, con máis dunha semana de antelación.

Esta gran cita celebrárase o vindeiro domingo 27 de decembro no incomparable espazo natural de San Lourenzo, na parroquia de Tállara. Debido ao enorme grado de interese, abriuse lista de agarda.

Ademais, tamén levan bo ritmo as inscricións no Pe-

quetrail, a modalidade para os máis pequenos da casa.

Con todo, estes non serán os únicos eventos deportivos, xa que o sábado 26 se celebrará a andaina solidaria coa Asociación Galega de Heteroplusia Ósea Progresiva -Aspoh-. A cita, que conta con trescentas prazas, cun prezo de inscrición de seis euros, busca recadar fondos para esta enfermidade rara. Esta transcorrerá por unha ruta circular de catorce quilómetros, con saída ás 10.00 horas dende o polideportivo Pilar Barreiro Senra.

Por outra banda, a través do servizo concilia, o concello organizou, dentro da programación de Nadal, unha se-

rie de actividades para os cativos locais na Ludoteca, en horario de 9.30 a 14.30. Estas accións comezan mañá cunha elaboración de cartas para Papá Noel e a decoración da aula. O propio Santa Claus visitará aos nenos e nenas o 24.

Antes de rematar o 2020, as crianzas centraranse en manualidades creativas, o 28; zumba e xogos de movemento, o 29; decoración da aula para Noitevella, o 30; e a festa-despedida do ano vello, o 31.

E para o 2021, o 4 tocará un obradoiro de repostería, o 5 un *bodyjump* e xogos musicais e o 7 unha sesión de curtas con flocos de millo e xogos populares.



Entre as actividades está programada unha andaina pola contorna de Pontenafonso, para o 3 de xaneiro. Foto: C.d.Outes

Outes. O concello de Outes vivirá un Nadal marcado pola cultura e o deporte. Co obxectivo de levar alegría aos fogares locais, prepararon un amplo programa de actividades nos que os cativos contarán con múltiples alternativas: teatro, obradoiros ou contos, entre outras.

Deste modo, as citas comezaron esta pasada fin de semana coa presentación da escola de acordeóns, e as obras *Insania* e *Mai Mai*. Este arrinque virá secundado hoxe cun contacontos, ás 17.30 horas, na Casa da Cultura. Mentres tanto, mañá, no centro social da Serra, en dúas quendas (17.00 e 18.30), con dez cativos por cada unha delas, terá lu-

gar o taller de decoración de Nadal, pensado para menores de entre catro e doce anos.

Para encarar a fin de semana, o venres 25 representárase *Onde está Larry?*, ás 19.00; mentres que o sábado terá lugar o concerto *As Maianas*, ás 20.00. Ambos eventos, na casa cultural. Por último, pecharase o ano, cun novo obradoiro, o día 30, de xogos típicos destas datas.

No 2021, o 2 de xaneiro, o público infantil poderá presenciar a obra *Calostro* e o martes 5 desfrutará da cabalgata dos Reis Magos que pasará por todas as aldeas, co obxectivo de evitar calquera aglomeración. A comitiva

arrincará ás 11.00 e terminará ás 19.15 na Praza de Galicia.

No apartado deportivo, o pasado 19 disputouse un torneo de bádminton, primeira proba destas datas. Agora seguiralle o 26 un torneo de habilidade de fútbol, de mañá no Campo do Cunchido, e outro de tenis de mesa, pola tarde no Pavillón da Serra. O 2 de xaneiro, un campionato de tiro e outro de habilidade de baloncesto, a partir das 10.30. Por último, o 3, unha andaina por Pontenafonso, de dificultade media-alta e con saída ás 9.00 dende o parque infantil; e o 10, outra pola Costa de Outes, de nivel baixo, con partida á mesma hora dende o centro náutico.



SOCIEDADE LICEO DE NOIA

Festas de Nadal 2020/21

Programación decembro/xaneiro en www.liceodenoia.com



I.G.S.A.
ASESORES DE EMPRESAS

INICIATIVAS GALLEGAS
DE SERVICIOS DE ASESORÍA, S.L.

AUDITORÍAS - FISCAL - CONTABLE
ECONÓMICO-FINANCIERO - LABORAL
SUBVENCIONES Y AYUDAS OFICIALES

Les deseamos Felices Fiestas

EN NOIA. C. Perito Basilio, 2-1º C • T. 981 842 130 - F. 981 824 676
EN RIBEIRA. Campo de Marte, nº 3 - 1º - T. 981 835 621 - F. 981 874 262

Clínica del pie NRS: C15-003757 **ÓSCAR MAYÁN**
podólogo

BIOMECÁNICA | PODOLOGÍA | ESTUDIO DE LA MARCHA 3D
PLANTILLAS A MEDIDA | CIRURÍA DEL PIE
(CIRURÍA DE JUANETES - DEDOS EN GARRA O EN MARTILLO
UÑAS INCARNADAS)

CONSULTA A DOMICILIO

SERVICIO en BOIRO y PORTO DO SON
981 845 149 - 608 188 663
www.clinicadelpiesoscarmayan.es

¡Felices Fiestas!

Concello de LOUSAME

www.concellodelousame.gal



Amplio programa cultural en Muros para os máis pequenos

bro, arrincando cun obradoiro e o agardado acendido das luces. Neste tempo, xa tiveron lugar oito das actividades programadas, centradas especialmente, nas fins de semana.

Agora, o vindeiro sábado 26, ás 18.00, o Centro Cultural e Xuvenil acollerá a representación de *Petit Cabaré Pistacatro*, un espectáculo de teatro e circo da compañía Pistacatro, que se leva a cabo en colaboración coa Rede Galega de Teatros e Auditorios da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic). Pola súa banda, no mesmo espazo e a mesma hora, o domingo filmarase a película *Smallfoot*.

E para rematar este atípico 2020, o 28, 29 e 30 de decembro, polas mañás, levaranse a cabo todo tipo de actividades infantís de Nadal en Esteiro e Muros, co obxectivo de favorecer a concilia-

Muxía. O concello de Muros preparou este Nadal un amplo programa de actividades no que os cativos serán os principais protagonistas. Cine, teatro, contacontos e música marcarán os eventos culturais que se levarán a cabo nestas datas tan sinaladas, todos eles respecto as medidas de seguridade e hixiene por mor da covid-19.

As primeiras citas do Nadal xa se levaron a cabo dende o pasado tres de decem-



Iluminación de Nadal no casco histórico, a cal se acendeu o 5 de decembro. Foto: C.d.Muros

As actividades xa comezaron dende o inicio do mes // Habrá teatro, cine, contacontos e música, así como a visita dos Reis Magos



ción da vida familiar e laboral nestas vacacións escolares. Estas tamén se repartirán para o 4 e 5 de xaneiro, aínda que para contar con maior información e para as inscricións pódese preguntar na sede do centro cultural.

Xa no 2021, o sábado 2, ás 18.00, chegará a música de Tropa de Trapo con *Contos de nenas grandes e pequenas*, que

fará as delicias do público. E o domingo, tamén ás 18.00, os máis pequenos da casa poderán desfrutar coa actuación de Pakolas, co seu concerto *Rockeando con Ramona Órbita, a dona do tempo*. Ademais, a sesión dominical será dobre, xa que ás 20.30, emitirase a longametraxe *A Illa das Mentiras*. Por último, o luns 4, ás 18.00, a ambientación musical correrá a car-

go de Esperanza Mara con *A Elfa Carmiña*, última cita cultural do programa.

E para o martes 5, os cativos gozarán coa presenza, un ano máis, dos Reis Magos de Oriente, cunha recepción que terá lugar na igrexa parroquial de Muros a partir das 16.00 horas. Coorganizada polo Concello e a Asociación Fouleada, as prazas son limitadas, polo que será necesario a reserva previa a través do teléfono 981762294. Esta cita contará tamén coa colaboración da Deputación da Coruña e da Xunta de Galicia, a través de Agadic e da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

DEPORTE. A maiores da actividade cultural e de ocio, nestas datas de Nadal tamén se levará a cabo un Campionato de Padel en Muros. As primeiras xornadas xa tiveron lugar os pasado 18, 19 e 20 de decembro, restando dúas datas para a disputa das grandes finais. Así, o próximo sábado 26 e domingo 27 resolveranse as competicións individuais e de parellas, tanto masculina como feminina.



MAQRESOL BERGANTIÑOS S.L.

Maquinaria repuestos y consumibles para la soldadura
Servicio técnico

Javier Abucide Regueiro
M. 686 454 445

Pol. Industrial de Carballo
Rúa Titanio, A26, Portal 12 • Carballo
T./F. 981 732 879 • www.maqresol.es





Combustibles Puebla, S.L.

AUTOMOCIÓN • INDUSTRIAS EMBARCACIONES
COMUNIDADES • CALEFACCIONES

DISTRIBUCIÓN DE GASÓLEOS a domicilio

Pol. Ind. A Tomada parc. 1 Pobra do Caramiñal
T. 981 832 076 F. 981 830 234 • M. 610 744 432



Rúa da Capela, 3 - 1º Izq.
T. 981 842 522 • F. 981 850 663
15230 SERRA DE OUTES
(A Coruña)



Riveira de Solleiros, 81 - B
T. 981 764 254 • F. 981 850 663
15240 ESTEIRO - MUROS
(A Coruña)



Nadal 2020

actividades

cultura ☆ deporte

☆ cultura ☆

- 22 decembro** Contacontos de Nadal. Casa da Cultura / 17:30 h. Inscrición previa na Casa da Cultura.
- 23 decembro** Obradoiro: Decoración de Nadal. Censo Social da Serra / 17:00 h. e 18:30 h. 10 plazas por turno. De 4 a 12 anos. Inscrición previa na Casa da Cultura.
- 25 decembro** Teatro infantil: ONDE ESTÁ LARRY?. Casa da Cultura / 19:00 h.
- 26 decembro** Concerto: AS MAIANAS. Casa da Cultura / 20:00 h.
- 30 decembro** Obradoiro infantil: Xogando co Nadal. Centro Social da Serra / 17:00 h e 18:30 h. 10 plazas por turno. De 4 a 12 anos. Inscrición previa na Casa da Cultura.
- 02 xaneiro** Teatro infanti: CALOSTRO. Casa da Cultura / 17:00 h.
- 05 xaneiro** Cabalgata nas aldeas.
Outes - Praza da igrexa - 11:00 h / Valadares - Praza da igrexa - 11:45 h / San Lourenzo - Pista polideportiva - 12:30 h / Santo Ourente - Centro social - 13:15 h / Pontenafonso - Praza da igrexa - 16:00 h / Freixo - Muelle - 17:00 h / Cruceiro de Roo - Xunto ó Cristo - 17:45 h / San Cosme - Aparcamento da igrexa - 18:30 h / Serra de Outes - Praza da Galicia - 19:15 h

☆ deporte ☆

- 02 xaneiro** Campionato de tiro e habilidade de baloncesto. A partir das 10:30 h.
- 03 xaneiro** Andaina: Pontenafonso. Nivel dificultade: medio-alto / Saída ás 09:00 h dende o parque infantil de Pontenafonso.
- 10 xaneiro** Andaina: Costa de Outes. Dende o Centro Náutico ao Reuqixo / Nivel dificultade: baixo / Saída ás 09:00 h

Inscricións: pavillón Municipal da Serra / teléfono: 981 850 748

O Concello de Outes deséxalles un feliz Nadal e un próspero 2021



Concello de Outes



Camariñas presenta un programa con obradoiros, concertos e contacontos

En todas as actividades que sexan presenciais, o goberno local optou por crear grupos reducidos como medida de prevención ante a pandemia da covid-19 e ademais aplicaranse todas as restricións e precaucións recomendadas polas autoridades sanitarias.

Así, seguindo estes protocolos, do luns 28 ao mércores 30 de decembro, a Casa de Pedra acollerá un obradoiro de realización de curtametraxes para mozos e mozas a partir de oito anos.

Ademais, o 28 e 29, Pedro Brandariz impartirá talleres e levará a cabo un contacontos na Biblioteca Municipal, dirixido tamén a nenos e nenas cunha idade que supere os tres anos.

Como novidade, este ano desenvolverase unha acción virtual denominada *O Nadal nas redes*, que consiste na pu-

Muxía. O Nadal 2020 no Concello de Camariñas vivírase dunha maneira moi especial. Os cativos da vila seguirán a ser os grandes protagonistas destas datas especiais, cunha programación de actividades marcada polas medidas de seguridade e hixiene que se aplicarán, e que conta con varios obradoiros, concertos, contacontos e contempla as visitas de Papá Noel e os Reis Magos de Oriente.



O Concello de Camariñas acendeu o Nadal en todas as parroquias no Día Internacional do Voluntariado. Foto: C.d.Camariñas

O 24 de decembro Papá Noel visitará aos nenos e nenas do Concello, e o 5 os Reis Magos de Oriente



blicación na páxina de Facebook municipal de guías sobre motivos decorativos do Nadal, co gallo de animar aos veciños nestas datas para decorar as súas casas e ser positivos. Os interesados e interesadas en participar poderán enviar as súas creacións ao teléfono 665134490, que se

publican o 21, 24, 28 e 30 de decembro e o 4 de xaneiro.

Ademais, o 10 de xaneiro celebrarase na Casa de Pedra, ás 17.30 horas, un concerto de Xoan Curiel dirixido a toda a familia e no que haberá limitación de aforo.

Por último, Papá Noel e dos Reis Magos de Oriente non fallarán á súa cita cos ve-

ciños da localidade e con ese obxectivo percorrerán todas as parroquias do concello. Este 24 de decembro será a quenda para Santa Claus e o 5 de decembro serán as súas Maxestades as que inicien a súa cabalgata, sempre sen baixarse da carroza e respectando a distancia social e as medidas de seguridade.

O Nadal de MUXÍA 2020






MÉRCORES 23 DECEMBRO "PAPA NOEL CHAMA A TÚA CASA"
 Regístrate para recibir a túa a video chamada de Papa Noel en: www.nadal2020.es do 18 ao 23 decembro

DOMINGO 27 DECEMBRO CONCURSO VIRTUAL "ENTRADA DE ANO 2021"
 Envía a túa foto de Nadal para que o Concello de Muxía felicite a entrada de ano nas redes. ☎ 696570070

DOMINGO 3 XANEIRO VISITA DO CARTEIRO REAL Sala de Camposa
 De 17:30 h a 19:00 h. (max. 4 nenos) Agasallo para todos os nenos/as

MARTES 5 XANEIRO GRAN CABALGATA DE REIS
 PERCORRIDO POLAS PARROQUIAS DO MUNICIPIO E RECEPCIÓN NA SALA DA CAMPOSA
www.concellodemuxia.es
 APP MUXÍA INFORMA
 Concello de Muxía

AVISO: Para todos os actos en recintos interiores é necesaria a inscrición previa no 981742001 ou no ☎ 696570070

Nadal 2020-2021

Concello de Muros

Sábado 26 | decembro
 Centro Cultural
 18.00 h Teatro-circo | Pistacatro "Petit Cabaré Pistacatro"

Domingo 27 | decembro
 Centro Cultural
 18.00 h Cine | "Smallfoot"

28, 29 e 30 | decembro
4 e 5 de xaneiro
 ESTEIRO E MUROS
 11.00 h Actividades infantís de Nadal
 Inscrición e información: Centro de Muros, do 30 de novembro ao 3 de decembro

Sábado 2 | xaneiro
 Centro Cultural
 18.00 h Música
 Tropa de Trapo "Contos de nenas grandes e pequenas"



Domingo 3 | xaneiro
 Centro Cultural
 18.00 h Música | Pakotas "Rockeando con Ramona Órbita a dona do tempo"
 20.30 h Cine | "A illa das mentiras"

Luns 4 | xaneiro
 Centro Cultural
 18.00 h Música | Esperanza Mara "A elfa Carmiña"

Martes 5 | xaneiro
 Igrexa Parroquial-Muros
 16.00 h RECEPCIÓN DOS REIS MAGOS

Normas: PRAZAS LIMITADAS. Reserva previa Teléf. 981 762 294. Respetto medidas sanitarias.

Organiza: CONCELLO DE MUROS | Colaboran: Excm. Deputación da Coruña | Xunta de Galicia: AGADIC - Secretaría Xeral de Política Lingüística - Xacobeo 2021



Novo cartel que luce á entrada do municipio. Foto: C.d.Carnota

Carnota. A pesar do ano atípico e difícil que se está a vivir, o concello de Carnota non quixo deixar de celebrar o seu Nadal, unhas datas que animan o ánimo aos seus veciños e que incitan a ser positivos. Polo tanto, dende o departamento de Cultura e o servizo de Normalización Lingüística, prepararon un programa de actividades que xa comezou o pasado once de decembro.

Con inscrición previa obligatoria, no móbil 647459445 ou no correo electrónico cultura@carnota.gal, e logo de celebrar xa catro das funcións programadas, hoxe, ás 17.00 no salón de actos, a rapazada de 5 a 9 anos poderán

presenciar *O chinero de tía María*, unha narración oral de contos, mesturada con pinturas en lenzos e música da agrupación Xandobela. Mentres que mañá, ás 11.30 e para o público xeral, haberá unha sesión de contacontos sobre a figura do apalpador ou apalpadora, de Charlata Cooperativa Galega, Iseo A Moura.

Antes de finalizar este ano 2020, as citas culturais regresarán o luns 28, ás 11.30, con *Chimpo de ra*, unha sesión de contacontos para cativos de ata catro anos, representada por Raquel Quizás. O 29, tamén no salón de actos e de mañá, celebrarase

un obradoiro de Nadal para nenos e nenas de cinco a doce anos; mentres que o 30, ás 11.30, pecharase o 2020 cun espectáculo de monicreques, *Un Nadal na fraga*, de Títeres Cascanueces.

Xa no aninovo, o 4 de xaneiro, Pablo Díaz, con *Canta música*, animará aos pequenos con cancións e contacontos, para menores de catro a once anos. E para o agardado 5 de xaneiro, debido a imposibilidade de realizar a festa habitual dos Reis Magos, estes contactarán coa rapazada local a través de vídeo chamada. Para que o fagan, debe facerse a inscrición previa antes do 29 de decembro.



Iluminación de Nadal no Concello da Laracha. Foto: C.d.L.

Laracha. Co obxectivo de dinamizar as compras nos comercios locais, dentro da programación de Nadal para estas datas tan sinaladas, a Asociación de Comercio Laracha (ACSIL) lanzou a campaña "Na Laracha hai moito que rascar", de apoio aos establecementos da vila.

Deste modo, ao realizar unha compra nun dos locais asociados á campaña, o comprador recibirá cartóns rasca, cos que se pode chegar a gañar premios directos, tales como cheques por valor de entre cinco e vinte euros, así como agasallos doados polos distintos establecementos participantes.

Ademais, dentro desa di-

namización dos establecementos do concello, tamén se levará a cabo o Concurso de Escaparates, o cal chega ao seu cuarto de século de vida. Nesta vixésimo quinta edición, repartiranse un total de 1.800 euros en premios entre as dúas modalidades: a valoración do xurado (o vindeiro martes 29 ás 18.00 horas) e a votación que se realiza na páxina oficial de Facebook do concello (o 30 de decembro ás 12.00).

No primeiro caso, os expertos valorarán as diferenzas entre os produtos e o esforzo realizado en cada traballo seguindo os criterios de creatividade, orixinalidade,

iluminación e composición comercial. Os cinco mellor puntuados obterán os premios de 500, 400, 300, 200 e 100 euros, respectivamente. Mentres tanto, o das redes sociais virá marcado polas fotografías, que se subirán mañá, que contén con máis me gustas. Estas recibirán 150, 100 e 50 euros como obsequio.

Esta accións para fomentar a economía enmárcase dentro dunha época na que, como vén sendo habitual, se levan a cabo outras actividades. Entre elas, a comezos do mes de decembro levouse a cabo o tradicional acendido das luces de Nadal.



VS.



TE CUIDES COMO TE CUIDES TE SABRÁ IGUAL DE BIEN



EL SABOR DE SIEMPRE,
CON LA MITAD DE GRASA.

100% NATURAL
SIN AZÚCAR
SIN GLUTEN

50% MENOS GRASA*





Alumeado con sorpresas e teatro para todos os públicos en Vimianzo

Nese senso, terá lugar o primeiro Festival de Teatro Viminadal, que estará organizado baixo estritas condicións hixiénicas e sanitarias, con itinerario seguro, buscando que os horarios sexan compatibles con accións nos comercios e hostalería de Vimianzo.

Os espectáculos non recomendados para menores serán ás 20.30 horas, namentres que os familiares serán ás 17.30 horas. Estes últimos son de balde, ata completar aforo; mentres tanto, os de adultos son a cinco euros, con prezo reducido á metade para os maiores de 65 anos e estudantes.

O programa teatral arrincou xa esta pasada fin de semana con tres actuacións, *Papá sen cancelas*, de Culturactiva o 18 de decembro; *O axudante de Papá Noel*, de Mere Clown, o 19 de decembro; e o 20, *Quen dixó medo?*, de Car-

Vimianzo. O Concello de Vimianzo, que leva dende comezos de mes cunha iluminación de Nadal que este ano trouxo varias sorpresas para a veciñanza, arrincou esta pasada fin de semana a súa particular programación de Nadal, a cal ven marcada por unha ampla variedade de actividades para todos os públicos e cuxo obxectivo é o de animar aos veciños e veciñas para superar a situación sanitaria que estamos a vivir.



Iglú de Nadal en Vimianzo, unha das principais atraccións do alumeado local para estas datas. Foto: Ártabra Comunicación

O I Festival de Teatro Viminadal arrincou esta pasada fin de semana e seguirá a partir de mañá cun concerto de Pakolas que fará disfrutar aos máis pequenos

los Blanco e Osvaldo Digón.

Agora, mañá seguirá a acción, ás 17.30 horas, cunha cita na que os máis pequenos poderán gozar de Pakolas en concerto, xornada na que se fará entrega, por parte do goberno local, dos premios das postais de Nadal ao remate do espectáculo.

A continuación, o día de Noiteboa, ás 17.30 horas, Teatro Calavera escenificará *Nadal na Fra-*

ga. Ademais, será a visita de Papá Noel.

O día 26 de decembro, Producións T. Escénicas interpretarán *Medida x Medida* ás 20.30 horas e un día máis tarde, Raquel Queizás contaralle á rapazada *O xogo de Nano*, ás 17.30. Para despedir o ano, Pedro Brandariz narrará o 31 de decembro ás 17.30 horas os seus *Contos de Nadal*.

Xa en pleno comezo do 2021, Cayetano Lledó levará

ata Vimianzo o día 2 de xaneiro ás 17.30 horas *Le cirque*, e un día máis tarde, Boubab Teatro o seu espectáculo *Ris Ras*.

Por último, o día 5 de xaneiro, os cativos da vila recibirán, neste particular contexto, aos Reis Magos de Oriente, cunha fórmula que se adaptará as autoridades sanitarias que estean presentes nese momento, para garantir a seguridade e saúde dos veciños.





Electricidad en general
Montaje de ascensores

Más de 20 años en el sector

Lugar Boudañeira,3
Dumbría (A Coruña) s.e.conde@hotmail.com **658 881 365**

VIVE TU HOGAR
Felices Fiestas

Sambade
muebles

- Camariñas: 981 736 193
- Vimianzo (A Lagoa): 981 716 462
- Muxía: 981 742 456
- Ferrol: 981 320 953
- Carballo: 678 357 005
- Ourense: 988 381 370

www.mueblesambade.net



Nadal en Camariñas

Felices Fiestas

21, 22, 23 decembro
Obradoiro de realización de curtometraxes

24 decembro
Cabalgada de Papá Noel

21, 24, 28, 30 decembro e 4 xaneiro
O nadal nas redes

28 e 29 decembro
Contacontos e obradoiros de Pedro Brandariz

3 xaneiro
Xoán Curiel en concerto

5 xaneiro
Cabalgada Reis Magos



www.camarinas.net

PROGRAMA

Bo Nadal !!!!!!!



22 DECEMBRO

XANDEBELA "O CHINERO DE TÍA MARÍA"

Ás 17.00 horas
De 5 a 9 anos

23 DECEMBRO

ISEO A MOURA "A APALPADORA"

Ás 11.30 horas
Público familiar

28 DECEMBRO

CONTACONTOS CON RAQUEL QUEIZÁS "CHIMPO DE RA"

Ás 11.30 horas
De 0 a 11 anos

29 DECEMBRO

INFANTILANDIA OBRADOIRO DE NADAL

Ás 11.30 horas
De 5 a 12 anos

30 DECEMBRO

TÍTTERES CASCANUECES "UN NADAL NA FRAGA"

Ás 11.30 horas
Público familiar

4 XANEIRO

CONTACONTOS E CANCIÓNS CON PABLO DÍAZ "CANTA MÚSICA"

Ás 11.30 horas
De 4 a 11 anos

5 XANEIRO

CONVERSA COS REIS MAGOS

¿QUERES FALAR COS REIS MAGOS?
¡Tes tres xeitos de rexistrarte!

cultura@carnota.gal

647 459 445

ou na oficina de Cultura e Deportes e Turismo

Inscripcións: ata o 29 de decembro

BULIDE!! QUE NO CHO CONTEN!

Concello de Carnota

NADAL 2020




CONCELLO DE CARNOTA

Todas as actuacións levaranse a cabo no salón de actos do Concello de Carnota (excepto a conversa cos Reis Magos)



Visita de Papá Noel e dos Reis Magos con medidas de seguridade en Cee

de Cultural da Deputación da Coruña, este pasado domingo 13 de decembro xa se representou a obra *Sós*, de Mala-sombra Teatro. Esta inauguración da actividade de Nadal continuou o sábado 19, no Auditorio, con *Bo Lyric Nadal*, de Vento Doce, unha proposta da Rede Galega de Teatros e Auditorios. Logo desta apertura,

Cee. O concello de Cee preparou para este Nadal un programa de actividades no que a seguridade cidadá marcará o transcurso das mesmas. Así, a cultura protagonizará boa parte dos eventos propostos, combinándose coas visitas especiais do Papá Noel e dos Reis Magos de Oriente, xa que estes estarán centrados, principalmente, nos máis pequenos da casa.

Así, en colaboración coa Re-

de Cultural da Deputación da Coruña, este pasado domingo 13 de decembro xa se representou a obra *Sós*, de Mala-sombra Teatro. Esta inauguración da actividade de Nadal continuou o sábado 19, no Auditorio, con *Bo Lyric Nadal*, de Vento Doce, unha proposta da Rede Galega de Teatros e Auditorios. Logo desta apertura, xa cos cativos de vacacións escolares, o vindeiro xoves 24, día de Noiteboa, Papá Noel visitará as diferentes parroquias do concello. Debido á pandemia da covid-19, manterase en todo momento a distancia social e non se tirarán caramelos. A comitiva arrincará en no campo da festa de Gures, ás 11.00 horas, e percorrerá, de maneira continuada e ao longo da mañá, Ameixenda, Brens, Camiños Chans, Toba de Abaixo, Estorde, Lobelos, Morancelle, Vilanova, Codesos, Pereiriña, Pereira, Por-



Imaxe da visita dos Reis Magos a Cee no 2020. Este ano non se poderán achegar aos máis pequenos, aínda que si que os visitarán e mesmo falarán con eles polo móbil. Foto: C.d.Cee

Ambos farán un percorrido por todas as parroquias municipais e despois polas rúas da vila, a diferentes horas, para evitar aglomeracións dos cativos



car, Lires, Canosa, Tedín, Ruibo, Cabaleriza, Sembra, Vilar de Toba, Xallas, Lagarteira e Escabanas. Xa pola tarde, na vila, estará, a partir das 17.00, na Rúa da Flor, Rúa Buenaventura Castro Rial, Praza da Constitución, Rúa Rosalia de Castro, Rúa de Arriba, Rúa Pepe do Pocho, Rúa Campo do Sacramento, Paseo do Alcalde Pepe Sánchez, Avenida Finisterre, Cruce de Roget, Rúa da Es-

cola, Rúa Europa, Rúa Independencia, Rotonda do Mercado, Rúa Domingo Antonio de Andrade, Praza das Palmeras, Avenida Fernando Blanco e a Avenida Finisterre, na que rematará a viaxe ás 18.40 horas.

Trala visita especial de Papá Noel, na fin de semana, o sábado tocará a Banda de Música local pola rúa, a partir das 12.00 horas, co obxectivo de animar aos veciños nestas datas tan sinaladas;

mentres que o domingo, o Auditorio Baldomero Cores acollerá, ás 18.00, a función *Enmagiarte*, de Abarajar Producciones, un espectáculo de maxia moi premiado para maiores de cinco anos, con aforo limitado.

Ademais, no mesmo espazo, para despedir o 2020, representaráse o luns 28, ás 18.00, *U-la Lúa?*, de A Xanela do Maxín, para maiores de tres anos; e o martes 29, á mesma hora, *Apren-Deimi*, de Hermanager Produccións, para cativos que superen os cinco anos.

E para culminara as festas, o martes 5 de xaneiro, os Reis, cos mesmos horarios de paso que en Noiteboa e polos mesmos lugares, visitarán aos nenos e nenas ceenses para coñecer as súas preferencias e acertar nos agasallos que lles entregarán a todos aqueles que se portaron ben. Do mesmo xeito, dende o concello recordan que se debe manter a distancia de seguridade. A maiores, as súas maxestades, falarán cos pequenos a través do móbil, pero para iso os seus proxenitores deberán solicitar cita previa na web municipal.

Vive o Nadal en Vimianzo



PAKOLAS EN CONCERTO: entrega de premios de postais de Nadal
Día: 23/12/20
Hora: 17.30 h
Lugar: Casa da Cultura



TEATRO CALAVERA: Visita de Papá Noel
Día: 24/12/20
Hora: 17.30 h
Lugar: Casa da Cultura



PRODUCCIÓN T. EXCÉNTRICAS: medida x medida
Día: 26/12/20
Hora: 20.30 h
Lugar: Casa da Cultura



RAQUEL QUEIZÁS: O xogo de Nano
Día: 27/12/20
Hora: 17.30 h
Lugar: Casa da Cultura



PEDRO BRANDARIZ: Contos de Nadal
Día: 31/12/20
Hora: 17.30 h
Lugar: Casa da Cultura



CAYETANO LLEDÓ: Le cirque
Día: 02/01/21
Hora: 17.30 h
Lugar: Casa da Cultura



BAOBAB TEATRO: Ris ras
Día: 03/01/21
Hora: 17.30 h
Lugar: Casa da Cultura



Chegada de REIS MAGOS
Día: 05-01-2021
Chegada de REIS MAGOS



POLO CORREO DO VENTO: O misterio de Nadal
Día: 22/12/20
Hora: 17.30 h
Lugar: Casa da Cultura



Felices Fiestas

CONCELLO DE VIMIANZO

www.vimianzo.gal

Especialidad en empanada gallega



Forniños
DESDE 1933
PAN ARTESANAL DE TODO CORAZÓN

Avda. Anllóns
15110 - Ponteceso
A Coruña
T. 981 714 038

María Lariño Ares

GIA GESTORIA ADMINISTRATIVA

Praza dos Xuncos nº 1 - 1º Izd
CEE (A Coruña)
Tif / Fax: 981 745 898
marialarino_red@yahoo.es
Ara Solis, 13 - FISTERRA (A Coruña)
Móbil: 628 878 872

www.gestorialariñoares.com

INSTALACIONES HERFER

Les desea Felices Fiestas



www.instalacionesherfer.es



Pol. Ind. de Espiñeira, P14
BOIRO (A Coruña) • 981 849 971 | comercial@instalacionesherfer.es



XEMACEL

SANTIAGO DE COMPOSTELA: Polígono Industrial del Tambre • T.: 981 552 500
CEE (A Coruña): Rellena de la Seca, s/n (Edificio Río) - 1º C • T. 981 706 030
CAMARINAS (A Coruña): Rúa da Constitución, 10-1º Dcha. • T. 981 705 406

ASESORÍA FISCAL LABORAL CONTABLE



Visita de Papá Noel aos nenos do concello da Laracha. Foto: C.d.L.

Santiago. A pesar da situación sanitaria actual, os Reis Magos de Oriente queren facer felices aos nenos e nenas galegos e para iso, coa axuda dos diferentes concellos, buscaron alternativas para poder entregar, un ano máis, os agasallos que pediu a cativada. Neste senso, na comarca da Costa da Morte, xurdiron alternativas moi diferentes para que as súas Maxestades poidan escoitar, de primeira man, as demandas dos cativos da zona.

Por exemplo, en Camariñas chegarán en barco, segundo lle confirmou por videoconferencia o rei Melchor á alcaldesa, Sandra Ínsua. A tradicional cabalgata percorrerá o conce-

llo, pero non fará paradas nin se lanzarán caramelos. Para compensar aos pequenos, enviarán ás casas unha carta e unha bolsa de gominolas.

En Cee botarán man das novas tecnoloxías, conectando coa cativada a través de vídeo chamada. Os interesados deberán rexistrarse na web www.nadal2020.es ou chamar ao 641 585 245. Ademais, tanto Papá Noel como os Reis farán unha peregrinación por todas as parroquias e por todas as rúas da cidade para que os vexan os cativos.

E en Coristanco, autorizouse a visita de Melchor, Gaspar e Baltasar a todas as casas do municipio, con escolta poli-

cial e cun permiso especial para cruzar fronteiras e confinamentos perimetrais, para que non teñan problemas e poidan repartir os agasallos.

En Vimianzo, dentro deste particular contexto sanitario, tamén recibirán aos Reis Magos de Oriente, sempre mantendo as distancias de seguridade.

E en Carballo, o Apalpador xa pasou polas escolas, mentres que as súas Maxestades ofrecerán recepcións virtuais. Os que así o desexen poderán escribir a súa carta e recibirán resposta na web www.carballo.gal. O 5 de decembro haberá cabalgata, dende as 17.00 horas, pero cun itinerario distinto.



Presentación da campaña no concello de Carballo. Foto: C.d.C.

Santiago. Este Nadal os concellos da Costa da Morte propuxéronse defender o seu comercio local. Esta comarca, cada vez máis seleccionada polos visitantes de toda Galicia e do resto de España polas súas potencialidades, quere por en valor os seus establecementos e para iso están xurdindo iniciativas de todo tipo. O obxectivo prioritario é o de os veciños e veciñas aposten nas súas compras de Nadal por mercar nos comercios máis próximos.

Potenciando ese trato próximo ao cliente, este Nadal 2020, marcado pola pandemia da covid-19, sobresaen as campañas con "rascas", nas que os consumidores optan

a premios moi variados grazas ás súas compras nos locais adheridos ás campañas.

Este é o caso, por exemplo, de Carballo, onde apelan á solidariedade de todo co seu lema "Este Nadal pasámolo xuntos, seguro!". Neste municipio serán setenta e oito os comercios que participen, así como trinta e dous locais de hostalería. Prevéñen repartir 200.000 boletos e 13.000 premios por un valor de 65.000 euros.

Pola súa banda, na Laracha, realizarase por vixésimo quinta edición o seu tradicional concurso de escaparatés, no que se repartirán 1.800 euros en premios, co que incenti-

van a esmerarse na decoración de Nadal para que a vila luza dunha maneira moi especial.

En Vimianzo as empresas de comercio e servizos locais dispoñen dos Vimi-Rascas, uns cartóns con agasallos sorpresa a consumir na hostalería interesada en participar neste programa.

En Camariñas continúa en marcha o "Merca en Camariñas, consume no teu Concello", para incentivar á veciñanza a consumir localmente.

Ou por exemplo, co apoio do concello de Zas, a Asociación de Empresarios Comarca de Soneira lanza a marca #mercaSoneira.

PROGRAMA

XOVES 24, NOITEBOA

Papá Noel visitará as parroquias do concello o longo do día.

SÁBADO 26 DE DECEMBRO

12.00 horas Música de nadal coa Banda de Música de Cee.

DOMINGO 27 DE DECEMBRO

Auditorio 18.00 horas.
Enmagiarte por Dani Polo.
Entradas a 3 e 5 euros.
Aforo limitado.

LUNS 28 DE DECEMBRO

Auditorio Baldomero Cores: 18.00 horas.
A Xanela do Maxín: U-la Lúa?
Entradas a 3 e 5 euros.
Aforo limitado.

MARTES 29 DE DECEMBRO

Auditorio Baldomero Cores: 18.00 horas.
Apreñ - Deimi.
Entradas a 3 e 5 euros.
Aforo limitado.

MARTES 5 XANEIRO. REIS.

¿QUERES FALAR COS REIS MAGOS?
www.nadal.2020.es
info 641 585 245

Inscripcións:
do 1 de decembro
ao 29 de decembro
BULIDE!! QUE NO CHO CONTEN!

Concello de Cee
NADAL 2020



CARPINTERÍA EBANISTERÍA SENDON, S.L.
Agreiras - Muxía
T. 981 750 867 • 637 458 920 • 678 968 966

ISLAMIENTOS MUXIA
• AISLAMIENTO TÉRMICO Y ACÚSTICO
• IMPERMEABILIZACIÓN • POLIURETANO
• POLIUREA • CORCHO PROYECTADO
Sorna, 33 • Muxía
T. 667 641 289
j.m.@aislamientosmuxia.com
www.aislamientosmuxia.com

CARNICERÍA CHARCUTERÍA
Valentín
ESPECIALIDAD EN CARNES DE TERNERA, CERDO, POLLOS, CORDERO Y CHORIZOS CASEROS
As Travesas • Pereiriña CEE
Teléf.: 981 746 106 Móvil: 687 515 165

HERFRAGA
MACHINERY FOR THE CANNING INDUSTRY
Desde 1930
C/ Poniente nº 14-16 - CARBALLO (A Coruña)
T. 981 70 04 01 / 981 70 15 11
F. 981 70 33 56 • info@herfraga.com
www.herfraga.com

AUTOCARES Ferrín-Costa, s.l.
Lg. de Caxadas, nº 21 • VIMIANZO (A Coruña)
T. 609 892 952 - 616 664 942

PULPO DE CAMARIÑAS
C/ Outeiro 97 • Ponte do Porto Camariñas • A Coruña
T. 981 705 000 • T. 981 705 001
bea@pulpodecamarinas.com
www.pulpodecamarinas.com



Posto do Mercado de Nadal de Malpica. Fotos: Ártabra Comunicación

Malpica. O Concello de Malpica impulsa a campaña "Merca Local no Nadal" para dinamizar o pequeno e mediano comercio e a hostalaría, dende o pasado 15 de decembro do 2020 ata o 5 de xaneiro de 2021. Nel, as PEME locais pertencentes a todo tipo de sectores.

O premio, dotado dun total de 1.000 euros, consistirá en cinco tarxetas prepagado de 200 euros cada unha, as cales poderán usarse nos establecementos adheridos á campaña. Terá unha validez de dous meses desde a entrega das mesmas.

O goberno municipal proporcionoulle aos participantes a publicidade necesaria

para o desenvolvemento da campaña, así como as papeletas e urnas, as cales se repartirán a partes iguais entre os locais adheridos.

É requisito indispensable devolver as papeletas e a urna entre os días 7 e 11 de xaneiro de 2021, e o sorteo celebrárase o día 12 de xaneiro ás 12.00 horas.

Do mesmo xeito, para potenciar a compra en comercios locais, o concello tamén puxo en marcha unha nova edición do seu tradicional Mercado de Nadal, que este ano estará adaptado á situación da covid-19, para garantir a seguridade e saúde tanto dos comerciantes

como dos consumidores.

Nese senso, cedese temporalmente o espazo do Mercado Municipal, ata o vindeiro día 5, para crear sinerxias e dotar dun novo lugar á artesanía da vila, a lo menos durante a época das festas de Nadal.

O goberno local subliña que "a pesar das circunstancias, decidimos darlle un oco a toda aquelas persoas que desexen expoñer á venda os seus traballos, para así xerar un novo lugar de encontro. Serán unhas festas estrañas, pero non por elo deixaremos de facer cousas, sempre con moita seguridade", apuntan.



Os cativos son os principais protagonistas destas datas.

Malpica. Adaptada ao contexto sanitaria que marca a pandemia da covid-19, o Concello de Malpica levará a cabo unha ampla programación de Nadal, na que os máis pequenos serán os principais protagonistas. Destacan as actividades culturais, o mercado de Nadal e a iniciativa *Queres falar cos Reis Magos?*

Ademais, para esta ocasión, o debuxo do cartel do programa está realizado por Janis Ourens, alumna do CRA Nosa Señora do Faro, o cal arrincou este pasado 20 de decembro coa función *Lambetadas* de Talía Teatro. Tamén tivo lugar, na xornada de onte, a visita do apalador ao CEIP Joaquín Ro-

dríguez e ao Centro Cívico.

Antes de que remate este 2020, o 30 de decembro, no Centro Cívico, ás 17.30 horas, será representada *O lobo bobo* de Elefante Elegante. Para esta actuación será preciso reservar praza no teléfono 981 720 001, debido a que o aforo será limitado.

Por outra banda, e marcados polos protocolos sanitarios que se están a seguir, o concello preparou unha visita dos Reis Magos especial e diferente. Así, a rapazada poderá falar cos seres máxicos de oriente a través do teléfono móbil, unha iniciativa a distancia coa que se pretende evitar as aglomeracións tradi-

cionais das cabalgatas das maxestades.

As persoas que desexen contactar con eles, poden inscribirse ata o 29 de decembro no enderezo web www.nadal2020.es. Deberase indicar un número de teléfono con mensaxería de *Whatsapp* e seguir os pasos necesarios para inscribir aos cativos da casa.

Esta mensaxe será personalizada, en calquera caso, e para iso existe a posibilidade de que a persoa que inscriba ao neno ou nena en cuestión, insira unha mensaxe neste enderezo electrónico coas características singulares de cada caso.



ACTEMSA

Les desea Felices Fiestas

La principal actividad de ACTEMSA es la importación y exportación de pescados, mariscos y cefalópodos, así como la producción de lomos de atún.

Importa y comercializa túnidos, caballa, sardinas y cefalópodos, procedentes de mercados tan distantes como el iberoamericano y el sureste asiático.

www.actemsa.com

Polígono Industrial La Tomada, s/n
15940 Puebla del Caramiñal. A Coruña, España
Tels: +34 981 833 000
Fax: +34 981 833 056
E-mail: actemsa@actemsa.com



Sostenibilidad

Elaboración artesanal

Compromiso con el entorno

CENTRO COMERCIAL FINIS TERRAE



PROGRAMA 20 NADAL 20

Martes 22 / decembro

Espectáculo infantil: "MONSTROS NO CAMIÑO" de Fantoques Baj

• Casa da cultura da Laracha ás 17:30 h.

Lunes 28 decembro

Cine infantil: "A GALIÑA TURULECA"

• Casa da cultura da Laracha ás 17:30 h.

Martes 29 / decembro

Espectáculo infantil: "COCER E CANTAR" de Titeres Seisdedos

• Casa da cultura da Laracha ás 12:00 h.

Martes 29 / decembro

Espectáculo infantil: "OS ROMEIROS DO CARACOL"

de Fantoques Baj • Centro Sociocultural de Paioasaco ás 17:30 h.

Mércores 30 / decembro

Espectáculo infantil: "IVÁN E O LOBRO GRIS" de Musicreques

• Casa da cultura da Laracha ás 17:30 h.

Luns 4 / xaneiro

Cine infantil: "COPITO DE NIEVE"

de Fantoques Baj • Centro Sociocultural de Paioasaco ás 17:30 h.



4 e 5 CABALGATA REIS MAGOS
Xaneiro Percorrido polas parroquias do Concello





Muxía. O Concello de Muxía levará cabo unha programación de Nadal adaptada ao contexto sanitario pola incidencia da covid-19. As actividades comezaron o pasado 7 de decembro, co acendido da árbore de Nadal, acto que foi retransmitido por primeira vez en directo no Facebook municipal. Esta representación correu a cargo dun equipo de voluntarios de Protección Civil e membros da Policía Local.

Logo deste arranque, a programación proseguiu o pasado sábado 12 de decembro, tivo lugar a exposición telemática *A miña árbore de Nadal*; o sábado 19, coa retransmisión, a través do Facebook, da obra teatral infantil *Roedores*. Será ás 18:00 horas; e o domingo 20, co lanzamento do vídeo inaugural da sala multiusos "A Camposa".

Agora, por diante, e antes de que remate este 2020, queda a chamada de Papá Noel, mañá mercores, á casa das muxianas e muxiáns; e o concurso virtual "Entrada de ano 2021", programado para o domingo 27, no que poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, mandando unha foto con motivo destas datas especiais por WhatsApp ao número 696 57 00 70.

Para comezar o 2021 con



Árbore de Nadal que impera neste Nadal en Muxía e cuxo acendido foi retransmitido para toda a vila. Foto: Concello de Muxía

Haberá cabalgata e visita dos Reis Magos de Oriente na sala A Camposa, con amplas medidas de seguridade



bo pé, o carteiro real visitará a sala "A Camposa", de 17.30 a 19.00 horas, e cun aforo máximo de catro nenas e nenos, cun agasallo para todas e todos eles. Para pechar esta programación, o 5 de decembro celebrárase a Cabalgata de Reis, na que haberá un percorrido polas pa-

rroquias do municipio e unha recepción, tamén na sala "A Camposa". Será necesario inscribirse previamente para os actos que se celebren no interior, tanto no teléfono 981 74 20 01 ou no 696 57 00 70.

Desde o goberno local, ademais, incidese en que "é unha programación adapta-

da ao contexto actual, na que primaremos en todo momento a seguridade da cidadanía, e aínda que non poidamos celebrar as actividades ás que estabamos acostumados e acostumbrados, haberá alternativas dixitais que de seguro lle encantarán á veciñanza, especialmente aos máis novos".

Martín Gómez
ABOGADOS

Martín García
CONSULTORES
ASESORES TRIBUTARIOS

Les deseamos una Feliz Navidad y un próspero año 2021

Con este frío me dan ganas de estar pegado a ti todo el día
estufas desde
899€

Lo que necesitas sin salir de casa
Como siempre te lo llevamos

larcee.com

Más de 65 años
en tu casa

Baño Cocina Construcción Ferretería Bricolaje Decoración Suministros Lar Cee - A Coruña 981 70 88 02

- Edificación - Proyectos de obra nueva
- Infraestructuras
- Rehabilitación y reformas
- Coordinación de seguridad y salud

Construcciones Rehabilitaciones
J. Alvite París

alviteparis@gmail.com
T. 629 270 879

Lg A Santa, nº 1
Muiño - ZAS - A Coruña

www.alviteparis.es

GERCA
ACERO Y METAL

Mobiliario y carpintería metálica de alta calidad

Corte láser para tubo y chapa
Lacado en polvo
Curvado y plegado por CNC

Pque. empresarial de Vimianzo - 981 716 131 ■ Vilaseco - Vimianzo - 981 716 502 • www.gerca.shop

Felices Fiestas